




PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 22/23



CONTIDOS

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2-.OBXECTIVOS	5
3. COMPETENCIAS CLAVES.	6
4. LINGUA E LITERATURA GALEGA	16
4.1. Obxectivos	16
4.2 Aportación da área de Lingua Galega ás competencias.	18
4.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.	24
4.5. Recursos didácticos	46
5. LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	46
5.1. Obxectivos de área	46
5.2. Contribución ó desenvolvemento das competencias na área de Lingua Castelá e Literatura	48
5.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.	54
5.5. Recursos didácticos	74
6. MATEMÁTICAS	75
6.1 Obxectivos didácticos	75
6.2. Contribución da área de Matemáticas ás competencias básicas.	76
6.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.	82
6.5. Recursos didácticos	96
7. CIENCIAS DA NATUREZA	96
7.1. Obxectivos de área	96
7.2. Contribución da área de C. da natureza ao desenvolvemento das competencias básicas.	98
7. 3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.	104
7.5. Recursos didácticos	115
8. CIENCIAS SOCIAIS	115
8.1 Obxectivos	115
8.2. Contribución da área de C. Sociais ao desenvolvemento das competencias básicas	117

8.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.	124
9.2. Contribución da área de Valores ás competencias básicas	139
9.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.	146
9.5. Recursos didácticos	159
10. EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	160
10.1. Obxectivos didácticos	160
10.2. Contribución da área de Plástica ao desenvolvemento das competencias básicas.	160
10.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.	166
10.5. Recursos didácticos	176
11. METODOLOXÍA	176
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	177
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	178
14. ACTIVIDADES	180
15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	180
16. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR AO PLAN TIC E A O PLAN DE CONVIVENCIA	182
16.1. Accións de contribución ao proxecto lector	182
16.2. Accións de contribución ao Plan TIC	183
16.3. Accións de contribución ao Plan de Convivencia	183
16.4. Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico	183
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS	183
18. AVALIACIÓN	185
18.1. Avaliación inicial	185
18.2. Avaliación ordinaria	185
18.3.	186
18.4.	187
18.5.	189
18.6.	190
18.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	194

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Debido a que toda actividade que pretenda culminarse con éxito necesita planificarse, e que toda tarefa ou conxunto de tarefas necesita un plan, un proxecto, para evitar a improvisación, o mestre como profesional do ámbito educativo elabora a programación didáctica. Neste sentido, a presente programación está dirixida a 4º de Educación Primaria.

Esta programación é unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe concibida para desenvolver o longo do 4º curso de educación primaria. Para a súa elaboración tivemos en conta a normativa vixente en materia de currículo. Así mesmo tivemos en conta os distintos proxectos e plans do noso centro educativo.

- a) **Características do contorno:** Este apartado está nun documento que elabora o centro común a todos os cursos.
- b) **Características do centro educativo:** Este apartado está nun documento que elabora o centro común a todos os cursos.
- c) **Características dos nenos:** O período de idade comprendido entre os oito e os nove anos, que se corresponde co cuarto curso de Educación Primaria, está caracterizado polos seguintes trazos evolutivos que afectan o desenvolvemento socio-afectivo e cognitivo do neno e a nena.
 - **Desenvolvemento motor.** O neno ten cada vez máis relacións co mundo que lle arrodea. Ademais, neste período, o neno mostra maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.
 - **Desenvolvemento socio-afectivo.** O neno de oito a nove anos encóntrase nunha idade aberta a persoas e costumes diferentes aos seus e na que este actúa dun modo cada vez máis autónomo, fixándose el mesmo os seus fins e organizando a súa acción por si só en función dos seus proxectos. Tamén, nesta etapa se advirte unha segregación entre sexos producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e as nenas. Non obstante, neste período o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.
 - **Desenvolvemento intelectual.** O neno encóntrase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoa lóxicamente, xa non emite

xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vinculado á manipulación dos obxectos aos que este se refire.

Por outro lado, o proceso de ensinanza-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si sós.
- Favorecer situacións en que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.

En resumo, os nenos e nenas deste curso inician un período cheo de manifestacións de curiosidade e de interese por todo o que os rodea. Comenzan a razoar sobre feitos, situacións e obxectos concretos que lle son coñecidos. Iníciase no xogo baseado nunhas regras, identificando as posibilidades de colaboración e descubrindo o valor das normas.

Podemos dicir que se manifestan menos impulsivos/as e as súas actuacións vólvense máis tranquilas. Nestas idades teñen un maior control emotivo que pode non deixar entrever os conflitos que poidan existir. Descubren a vida en grupo e proxectan grande parte da súa actividade a través das relacións co grupo. As súas actitudes son ás veces moi estrictas e manifestan un grande afán de igualdade.

2.- OBXECTIVOS

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. COMPETENCIAS CLAVES.

Neste cuarto curso da E.P. buscarase que o proceso de aprendizaxe sexa significativo abarcando dende a globalización e a interdisciplinabilidade.

Construirán este coñecemento da realidade partindo das súas propias vivencias e da súa percepción do mundo, dende a subxectividade máis absoluta ata un coñecemento máis universal contrastado e obxectivo. Será un proceso gradual e analítico, no que o global vaise segmentando progresivamente sen perder de vista a perspectiva integradora e globalizada.

A Comisión Europea de Educación, ante a necesidade de crear un marco educativo común, estableceu unhas competencias claves necesarias na aprendizaxe das persoas a longo da vida animando os estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Partindo diso incorpóranse ao currículo escolar as competencias básicas concretadas, definidas como: á capacidade do alumno para por en práctica de maneira integrada, e en calquera contexto ou situación, os coñecementos, habilidades e actitudes aprendidas. Ademais, na Educación Primaria, constitúen un punto de referencia para determinar os procesos de avaliación, promoción ou permanencia.

A elas contribuírase dende cada unha das áreas curriculares, en maior ou menor medida dependendo da súa relación coas mesmas.

Dende todas as áreas tamén se traballarán contidos referidos a educación moral e cívica, en valores, para a paz, para a igualdade de oportunidades entre os sexos, sexual, para a saúde e a calidade de vida, ambiental, para o consumo responsable e para o lecer.

a) Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, polo que cada unha se divide en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o dividimos no que chamamos descritores da competencia, que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto, obxectivo e observable nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores**, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar dende as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

b) Aspectos a considerar na avaliación das competencias clave.

COMPETENCIA	ASPECTOS	PORCENTAXE
Comunicación lingüística	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprensión oral 2. Expresión oral 3. Lectura 4. Comprensión escrita e/ou ortográfica 5. Capacidade de síntese 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<ol style="list-style-type: none"> 1. Operacións básicas 2. Razoamento lóxico 3. Resolución de problemas 4. Representacións gráficas 5. Aplicación práctica do aprendido. Visión espacial 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>
Competencia dixital	<ol style="list-style-type: none"> 1. Busca de información en diferentes fontes 2. Manexo básico das TIC 3. Trasmisión da información 4. Valora o uso das TIC 	<p>25%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>
Aprender a aprender	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hábito diario de traballo 2. Técnicas de traballo intelectual 3. Planificación e organización do traballo 4. Motivación e interese polo estudo 5. Capacidade de traballar en grupo 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>
Competencias sociais e cívicas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Interiorización de valores básicos 2. Respetto aos dereitos dos demais 3. Integración no grupo e/ou no centro 4. Cumprimento das normas de convivencia 5. Autocontrol 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	<ol style="list-style-type: none"> 1. Autoestima, confianza en si mesmo e afán de superación 2. Tolerancia e frustración 3. Asunción de responsabilidades 4. Participación en clases 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>

	5. Estudo autónomo	
Conciencia e expresións culturais	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento das expresións artísticas 2. Valoración da arte e da cultura 3. Técnicas de expresión artística 4. Creatividade 5. Respetto do patrimonio cultural 	<p>20%</p> <p>Por cada un dos aspectos acadados.</p>

c) Indicadores e descritores

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias claves en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable do mesmo.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos

	escrita	<p>escritos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma. • Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

		<ul style="list-style-type: none"> • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e

		<p>cultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

		<ul style="list-style-type: none"> • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderato	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no

		contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

		<ul style="list-style-type: none"> • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	--	--

4. LINGUA E LITERATURA GALEGA

4.1. Obxectivos

1. Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
3. Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
4. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
5. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
6. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.
7. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
8. escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.

9. Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
10. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.
11. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
12. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lectoescritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...), de acordo coas características propias destes textos.
13. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
14. Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.
15. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...) de acordo coas características propias destes textos.
16. Utilizar os coñecementos de lectoescritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
17. Comprender textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da linguaxe literaria.

18. Coñecer os diferentes usos sociais, analizando o seu emprego como vehículo de valores e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc., co fin de introducir as autocorreccións pertinentes.
19. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do ámbito.
20. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
21. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
22. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.

4.2 Aportación da área de Lingua Galega ás competencias.

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis. Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas. Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre. Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento. Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a

perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Lingua Galega e Literatura pídenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Lingua Galega e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse. Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender. Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

4.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias claves.

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSEIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ o 	<p>uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).</p>		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ o 	<p>da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p>	<p>amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o	B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos.	B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe.	LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.	CCL
			LGB1.6.3. Aмосa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.	CCL CCEC
b e i o	B1.7. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación para ofrecer e compartir información e opinión.	B1.7. Elaborar textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.	LGB1.7.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.	CCL CD CAA CSIEE CSC
d e	B1.8. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.	B1.8. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual.	LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.	CCL CCEC CSC CAA
b d e o	B1.9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.9.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL CAA CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Uso, dunha forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Recoñecemento das variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas e morfolóxicas e léxicas máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Identificar variedades lingüísticas de carácter xeográfico en textos orais, sinalando as diferenzas fonéticas, morfolóxicas e léxicas máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.1. Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.2. Valora por igual as distintas variedades xeográficas da lingua galega e o estándar como variante unificadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e públicos (sanidade, educación, medios de comunicación, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.1. Identifica o uso oral da lingua galega con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación, todo tipo de comercios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	comercios...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
<ul style="list-style-type: none"> b e l j o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos. B2.2. Comprensión de información xeral en textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas web infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

9.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. ▪ B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.2.2. Actúa de forma respectable e digna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. ▪ B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.3.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.3.2. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.3.3. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.3.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	colaboración.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.4.3 Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.5.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.5.2. Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.6.3. Define e formula claramente problemas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB.1 7.1.Sopesa as consecuencias das súas accións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
<ul style="list-style-type: none"> m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Empregar a aserción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.4.1. Expressa abertamente as propias ideas e opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6.A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<p>activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.</p>	<p>empregando habilidades sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. ▪ B2.8 A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. ▪ VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9 As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo. ▪ VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	dinámicas de cohesión de grupo.			
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.1. A moso boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
▪ a	▪ B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.	▪ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
▪ c	▪ B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na	▪ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ m	comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	persoa adulta.	▪ CSIEE
			▪ VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a	▪ B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	▪ B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.	▪ VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.	▪ CSC ▪ CCL
			▪ VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.	▪ CSC
			▪ VSCB3.5.3. Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a	▪ B3.7. Os valores cívicos e o	▪ B3.6. Comprender a correlación	▪ VSCB3.6.1. Expón verbalmente a	▪ CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ d	<p>exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.</p> <p>▪ B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.</p> <p>▪ B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos.</p>	<p>entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.</p>	<p>correlación entre dereitos e deberes.</p>	<p>▪ CCL</p>
			<p>▪ VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.</p>	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p>
			<p>▪ VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.</p>	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CMCT</p> <p>▪ CSIEE</p>
<p>▪ d</p> <p>▪ m</p>	<p>▪ B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de</p>	<p>▪ B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base</p>	<p>▪ VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.</p>	<p>▪ CSC</p> <p>▪ CCL</p>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CCL CCEC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> h o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.8.1. Aмосa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> N 	<ul style="list-style-type: none"> B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco 	<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>nos accidentes de tráfico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CD

9.5. Recursos didácticos

Os recursos didácticos serán aqueles soportes físicos coma **materiais impresos** (libro de texto, fichas, dicionarios, cadernos, murais...) e **materiais audiovisuais** (ordenador, proxector, pizarra interactiva, recursos dixitais, programas informáticos coma Word, Power point, e vídeos relacionados coas unidades didácticas). Empregaranse os libros de texto escollidos polo equipo de ciclo cunha vixencia de catro cursos.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Vídeos, cancións, contos.
- Pizarra tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lápicos de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Traballo de temas relacionados con valores atopados na rede.

10. EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

10.1. Obxectivos didácticos

1. Identificar os elementos dunha imaxe.
2. Elaborar unha historia secuenciada a partir de debuxos nos que aparezan diálogos representados en bocadillos.
3. Buscar, seleccionar, copiar e pegar imaxes de Internet noutro documento.
4. Observar como se crea o cine de animación.
5. Utilizar a unidade do centímetro cos segmentos.
6. Debuxar con regra rectas perpendiculares, paralelas e oblicuas.
7. Coñecer e representar unha circunferencia e un círculo.
8. Sinalar os elementos básicos da circunferencia.
9. Coñecer os tipos de ángulos e representalos: rectos, agudos e obtusos.
10. Identificar as simetrías nas composicións modulares.
11. Coñecer e analizar o concepto de textura e identificar dous tipos de texturas: naturais e artificiais.
12. Coñecer algúns temas dentro da pintura ao longo da historia: o bodegón.
13. Aprender a usar as témperas co procedemento correcto. Analizar e debuxar o volume en formas planas facendo uso do claroscuro.

10.2. Contribución da área de Plástica ao desenvolvemento das competencias básicas.

Na área de Plástica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos entender, coñecer e investigar para internarse no coñecemento artístico permitindo o disfrute do plástico e estético desde un razoamento lóxico, utilizando elementos da devandita competencia. Así mesmo, a tecnoloxía da información posibilitará ao alumnado desenvolver a súa capacidade artística. Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Esta competencia posibilitaranos dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder a distintas manifestacións, así como destrezas comunicativas para poder elaborar ideas e sentimentos propios e alleos sobre producións artísticas, sobre a realidade que nos envolve desde unha perspectiva estética. Trátase, polo tanto, de dotar os alumnos de ferramentas que faciliten a expresión e a comunicación para percibir, comprender e enriquecerse coas diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura utilizando o instrumento da linguaxe como medio de comunicación e expresión nas súas

múltiples facetas. Procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas. Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Esta competencia vai nos levar a que o alumnado aprenda a utilizar de forma responsable as posibilidades que o mundo dixital nos ofrece tamén para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado. Será fundamental dotar de ferramentas para que o alumnado cree as súas producións propias e iso, implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas nos diferentes planos que nos levan desde producións convencionais a producións dixitais. Na área de Plástica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia leva o alumnado a que coñeza, comprenda, aprecie e valore de forma crítica aquelas manifestacións e expresións culturais que vaia encontrando no seu contorno próximo e non tan próximo. Esixe valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural con outros. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Plástica ofrécenos a posibilidade de xuntar expresión artística e diversidade cultural, permítenos fomentar e canalizar realidades diversas da nosa sociedade que poden confluír no respecto e o aprecio da creatividade implícita de ideas, experiencias e sentimentos a través de diferentes medios artísticos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Plástica implica unha iniciativa e unha actitude de emprendemento xa que comporta en si mesma producir desde ideas, sentimentos, realidades propias ou alleas... planificar, axustar e avaliar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados en calquera dos ámbitos. Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A área de Plástica lévanos a que a competencia de aprender a aprender favoreza cada unha das bases desta materia. A metodoloxía empregada nesta área está relacionada cunha parte de traballo colaborador e unha parte de traballo individual se falamos de producións propias do alumnado. Esta competencia lévanos a transmitir ao alumnado a necesidade de perseveranza na aprendizaxe como elemento enriquecedor na vida persoal e social xa que será unha forma de adestrar o esforzo e as metas a curto, medio e longo prazo. Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

10.3. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comunicación das apreciacións obtidas por observación. ▪ B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos. ▪ B1.3. Creación de imaxes para textos dados para secuenciar unha historia (romance, cantiga, ...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.1.4. Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Observación de materiais empregados nas obras plásticas. B1.5. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e ideas. B1.6. Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais, exploradas desde diferentes ángulos e posicións. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.3. Identifica a influencia dos fondos de cor. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.4. Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.5. Identifica as formas de representar a figura humana nas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			obras.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Interese por procurar información sobre as producións artísticas e por comentalas. ▪ B1.8. Indagación sobre as calidades de diferentes materiais e uso que se fai deles en distintas representacións. ▪ B1.9. Uso dos recursos dixitais na procura da información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Describe profesións relacionadas coas artes plásticas e visuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.3. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe. ▪ B1.12. Observación de elementos para estudo de escalas e proporcións. ▪ B1.13. Indagación sobre as maneiras de representar o espazo. 	<p>posicións dos elementos plásticos no espazo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CMCCT
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes. ▪ B2.2. Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.). ▪ B2.3. Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.2. Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>(pintura espaxada, por chorro etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Emprego de distintos soportes nas creacións. ▪ B2.5. Curiosidade por coñecer as posibilidades plásticas dos materiais. ▪ B2.6. Construción de móbiles, estruturas e volume. ▪ B2.7. Construción de estruturas sinxelas para representacións teatrais. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.4. Realiza unha obra con materiais téxtiles de refugo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.5. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.7. Representa obxectos coa técnica da esfumaxe. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.8. Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.9. Identifica as formas en que está representada a figura humana nas obras plásticas. 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.10. Representa imaxes usando diferentes características da 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			cor.	
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> j g b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Experimentación das dimensións e das proporcións dunha mesma forma en diferentes posicións. B2.9. Experimentación das posibilidades de representación con liñas grosas, finas, continuas, descontinuas e xeométricas. B2.10. Realización de fotografías: enfoque e planos. B2.11. Aplicación en producións 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.2. Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>propias de aspectos observados en obras artísticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.12. Utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas. 		<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.4. Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> i j b d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Compilación impresa e dixital sobre manifestacións artísticas. B2.14. Interese pola procura da información artística. B2.15. Interpretación da información. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B2.16. Inicio no uso dos medios audiovisuais e dixitais para a creación de obras plásticas. 		<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (novela, historieta, cartel, mural, esquematización dunha lección da clase etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> b j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.17. Establecemento de ordes e pautas para seguir. B2.18. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquejos ou deseños. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final, sen utilizar elementos estereotipados, sendo capaz de compartir cos compañeiros e compañeiras o proceso e o produto final obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CSC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.2. Elabora bosquejos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a b j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.19. Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos. B2.20. Selección axeitada de materiais e espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos, 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.5.3. Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE

10.5. Recursos didácticos

Os recursos didácticos serán aqueles soportes físicos coma **materiais impresos** (libro de texto, fichas, dicionarios, cadernos, murais...) e **materiais audiovisuais** (ordenador, proxector, pizarra interactiva, recursos dixitais, programas informáticos coma Word, Power point, e videos relacionados coas unidades didácticas). Empregaranse os libros de texto escollidos polo equipo de ciclo cunha vixencia de catro cursos.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Lapis de cores, lapis, goma de borrar, tesoiras, pegamento, plastilina, ceras brandas, rotuladores, témpera e pincel, papel pinocho.
- Material reciclado: oveiras de cartón, caixa de cartón, rolos de papel hixiénico ou de cociña, papel de aluminio, la, pau, revistas e xornais.
- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas compositivas, actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.
- Consulta de páxinas web e actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

11. METODOLOXÍA

A metodoloxía que levaremos a cabo na presente programación, atende os principios metodolóxicos establecidos na LOE-LOMCE, posto que se pon especial énfases na atención a **diversidade do alumnado**, na **atención individualizada**, na prevención de **dificultades de aprendizaxe** e na posta en práctica de mecanismo de reforzo tan pronto como se detecten estas necesidades.

A través da metodoloxía levaremos a cabo un aprendizaxe significativo, posto que situarémonos no nivel madurativo do alumno para actuar nas zonas próximas do seu desenvolvemento. Relacionaremos novos aprendizaxes, partindo dos seus coñecementos previos. Fomentarase a autonomía no aprendizaxe, desenvolvendo progresivamente habilidades, estratexias e técnicas de planificación para a execución da propia actividade de aprendizaxe, sendo a actuación do profesor como axuda e guía. O estilo de ensinanza será: mestre-guía e aprendizaxe por descubrimento guiado.

Na **LOE-LOMCE** promóvese unha ensinanza globalizada e interdisciplinar, a necesidade de establecer unha interconexión entre tódalas áreas, de traballar e reforzar uns contidos comúns dende unha perspectiva global, que contribúe a alcanzar as competencias e o logro de obxectivos finais da etapa de Educación Primaria por parte do alumnado. Polo tanto, non nos centraremos só na área traballada senón que traballaremos dende unha perspectiva global para alcanzar as competencias.

Así mesmo, levaremos unha metodoloxía **activa e participativa** posto que o alumnado aprenderá, facendo e sendo protagonista activo do seu propio aprendizaxe. Será **individualizada**, xa que somos conscientes de que cada alumno é diferente os demais e ten un ritmo de aprendizaxe e asimilación diferentes, favorecerase a **socialización** (tendo en conta o contexto actual do Covid19, polo que non se poderá favorecer o traballo en grupo) e crearemos un clima de aceptación mutua e tomaremos decisións conxuntas. Por último, favorecerase a **autonomía** xa que cada alumno alcanzará un grao de madurez que lle permita traballar de forma autónoma.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Por outra banda, os recursos e materiais serán un elemento fundamental para o desenvolvemento da programación de aula e para a adquisición dos contidos e competencias clave. Distinguiranse entre: recursos persoais, ambientais e materiais impresos e audiovisuais.

Os **recursos persoais** que fan referencia a aqueles que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, coma os alumnos, mestres e especialistas. Teremos en conta todo o profesorado do centro e o equipo directivo. Hai que destacar que para o desenvolvemento das áreas é importante a coordinación entre os distintos especialistas, xa que se poden dar contidos interdisciplinarmente e coa titora do outro ciclo para unha

coordinación dentro no mesmo ciclo. A familia tamén é moi importante xa que forma parte activamente no proceso ensino-aprendizaxe. Tamén ó concello que pode aportar distintas propostas de actividades, o CEFORE en calidade de formación continua para o profesorado.

Os **recursos ambientais** comprenden calquera espazo do que fagamos uso ao longo do curso. Neste sentido sempre que a situación polo COVID 19 o permita, faremos uso da Sala de Informática e a Biblioteca Escolar unha vez por semana.

Os recursos materiais serán aqueles soportes físicos coma **materiais impresos** (libro de texto, fichas, dicionarios, cadernos, murais...) e **materiais audiovisuais** (ordenador, proxector, pizarra interactiva, recursos dixitais coma Padlet, programas informáticos coma Word, Power point, e videos relacionados coas unidades didácticas). Empregaranse os libros de texto escollidos polo equipo de ciclo cunha vixencia de catro cursos.

- Lengua Castellana , Lingua Galega e Relixión Católica da editorial Anaya.
- Matemáticas,Ciencias Sociais , Ciencias Naturais e Música da editorial Santillana.

Todos estes materiais están pensados para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e facelo máis motivador e atractivo, axudando a consecución dos obxectivos e das competencias, facilitando a aprendizaxe e o uso dos contidos comúns a todas as áreas como a comprensión lectora, expresión oral e escrita e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

13.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A **diversidade** forma parte de tódalas aulas e como docentes debemos dar resposta a esa diversidade, amoldámonos aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

A **LOE-LOMCE** entre os seus principios establece os de **calidade** (a mesma calidade educativa para tódolos alumnos independentemente das súas características individuais), **equidade** (que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais), e **flexibilidade** (adequando a educación a diversidade).

Ademais no **artigo 19** de dita lei referido aos principios pedagóxicos da Educación Primaria establécese que se ten en conta a diversidade na aula para ofrecer as medidas de atención que sexan necesarias. Por todo iso é importante definir a **atención á diversidade** como aquelas actuacións educativas que teñen como finalidades prever e dar resposta as necesidades e dificultades temporais e permanentes do alumnado.

Para dar resposta á diversidade do alumnado na nosa aula, dende esta programación levaremos a cabo as seguintes **accións con carácter ordinario**:

- Partir do nivel de competencia curricular e das necesidades dos alumnos por medio da realización dunha avaliación inicial.
- Atención personalizada a través do Plan de Acción Tutorial.
- Partir das situacións persoais e diferenzas socioculturais do alumnado.

Levaremos a cabo medidas preventivas, organizativas, curriculares e didácticas, que sexan necesarias en cada caso.

En canto os alumnos que teñen **materias pendentes** do curso anterior levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Reforzo educativo nas áreas suspensas impartido polas propias mestras.
- Promover aprendizaxes funcionais e significativos encamiñados a lograr a maior autonomía posible.
- Reforzar positivamente ao alumnado para que se sinta seguro e motivado na aula.
- Supervisar que anote na súa axenda as tarefas para casa e as datas de exames.
- Realización de actividades de reforzo orais, escritas ou de contido dixital, aplicadas individualmente ou colectivamente.
- Supervisar a realización de actividades.

Deste xeito, de forma máis específica levaranse a cabo diferentes actividades para favorecer a adquisición de contidos básicos nas diferentes áreas curriculares:

Lingua e literatura galega

- Expresión oral, Comprensión oral.
- Lectura: asociación fonema—grafema. Velocidade, fluidez lectora e comprensión lectora.
- Escritura: grafismo, ortografía natural e composición escrita .

- Separación de palabras na frase.

Matemáticas

- Conceptos.
- Numeración.
- Operacións e cálculo.
- Resolución de problemas .
- Formas xeométricas.
- Fichas de razoamento lóxico matemática.

14. ACTIVIDADES

Durante o curso escolar desenvolveranse actividades tanto orais como escritas que contribúan o desenvolvemento das habilidades e capacidades do alumnado. Estas actividades terán como finalidade favorecer o pensamento crítico e traballar e afianzar os contidos curriculares.

Ademais, algunhas das actividades propostas levaranse a cabo empregando diferentes técnicas de *reflexión individual e posta en común, asociación de ideas, mapas mentais e posta en común, metacognición (reflexión sobre os propios procesos de aprendizaxe), actividades que responden os distintos estilos de aprendizaxe e actividades con distinto grao de dificultade cognitiva*, coa finalidade de que o alumnado desenvolva a competencia social e cidadá, espírito crítico e aprender a aprender.

15.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais a traballar, segunda normativa, serán os seguintes:

- **Comprensión lectora**, por medio de apuntamentos, fichas, ou documentos extraídos da internet entre outros.
- **Expresión oral e escrita**. A expresión oral está presente en gran medida na nosa materia, favorecido polo seu alto contido práctico. A expresión escrita trabállase grazas á utilización do caderno e a realización de traballos.
- **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**, así como a comunicación audiovisual, á hora da procura, organización e exposición de informacións relevantes relativas á área, tendo en conta as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- **Educación cívica e constitucional.** A igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social debe estar presente en cada momento da nosa práctica na aula. A prevención e resolución pacífica de conflitos na aula ha de poder trasladarse a todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Teranse en conta e traballaranse transversalmente os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos home e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, o respecto ao Estado de dereito, e de calquera tipo de violencia.
- **Evitaranse** tamén os comportamentos e **contidos sexistas e estereotipos** que supoñan discriminación.
- Desenvolvemento sustentable e o **medio ambiente**, trataranse na medida do posible especialmente naquelas actividades nas que nos acheguemos á natureza tratando tamén aspectos relativos á protección ante emerxencias e catástrofes.
- Desenvolvemento e afianzamento do **espírito emprendedor**. A partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, que han de estar presentes na nosa materia, procurarase a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e favorecendo o fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.
- **Actividade física e a dieta equilibrada** no comportamento xuvenil. Promoverase desde a materia a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas no seu tempo de lecer e na súa vida diaria, co fin de favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.
- **Educación e a seguridade viaria.** levarán a cabo accións para a mellora da convivencia na circulación e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, favorecendo a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía mediante prácticas que traten de evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

16. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR AO PLAN TIC E A O PLAN DE CONVIVENCIA

16.1. Accións de contribución ao proxecto lector

- ✓ Adicarase un tempo á lectura antes do recreo.
- ✓ Neste tempo os nenos farán lectura de libros e contos a libre disposición e gustos, incluso poden traer da súa casa .
- ✓ Cada unidade didáctica , comezámola coa lectura do seu conto.
Escoitamos a audición do conto, logo lemos colectivamente e facemos comprensión lectora do conto , primeiro oralmente e despois por escrito nas actividades do libro.
Esa lectura farase tamén no libro de Lingua galega. Comezaremos coa unidade a través da lectura do conto e comprensión lectora e expresión oral.
- ✓ Lectura de poemas e pequenas dramatizacións , facendo os diálogos dos personaxes.
- ✓ Lectura na Biblioteca do centro :
 - . A profesora le un conto a todos os nenos-as , logo comprensión lectora oralmente.
 - . Xa na clase traballo sobre o conto (Completar preguntas , debuxos , resumo, inventar outro final etc.)
 - . Ler libremente na biblioteca o libro que desexen.
 - . Préstamo de libros da biblioteca .
- ✓ Traballar a lectura e a memorización de poemas e adiviñas de forma colectiva no encerado.
- ✓ Traballar a lectura a través das mochilas viaxeiras.
- ✓ Facer pareados e adiviñas e lelas aos compañeiros.
- ✓ Ler trabalinguas de forma correcta.
- ✓ Ler poesías coa entoación adecuada.

16.2. Accións de contribución ao Plan TIC

- Facilitar o aprendizaxe dos alumnos co emprego de programas e contornas nas diferentes áreas do currículo. Tamén se favorecerá a adquisición de habilidades e

destrezas.

- Favorecer a capacidade creativa, de integración, de cooperación e de expresión das ideas propias a través do emprego do ordenador.
- Adicar a materia de libre configuración a traballar as matemáticas a través das tics.

16.3. Accións de contribución ao Plan de Convivencia

Tal como se recolle no Plan de Convivencia as accións son:

- . Actividades para integración e participación do alumnado.
- . Actividades que favorezan a relación da familia e centro.
- . Actuacións do profesor titor para a integración do alumnado de ingreso.
- . Posibilitar que o alumnado aprenda a responsabilizarse da súas accións, actuacións e comunicacións cos outros.
- . Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- . Resolver situacións conflitivas dende a reflexión e o dialogo.

En definitiva, mellorar o clima da aula e do centro en todos os espazos escolares.

16.4. Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico

Participación activa nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Visitas que programe durante o curso o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, e que sexan de interese para o noso alumnado. O cuarto curso, participará en todas aquelas actividades propostas polos distintos equipos docentes : Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz, Semana do libro, Semana das Letras Galegas, Quincena do cómic e reto matemático. Así como outras propostas dende a biblioteca, TICS ou convivencia. Este curso o Proxecto do centro será “ UN MUNDO DE CORES”.

18. TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN 4º DE PRIMARIA CURSO 2022/23

LÍNGUA GALEGA - LENGUA CASTELLANA 1º TRIMESTRE		
UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
1	12/09-28/09	CONTROL UDI-UD2 -LENGUA CASTELLANA 18 OUTUBRO
2	29/09-17/10	CONTROL UDI- UD2 -LÍNGUA GALEGA 19 OUTUBRO
3	20/10-8/11	CONTROL UD3-UD4 -LENGUA CASTELLANA 28 NOVIEMBRE
4	9/11-25/11	CONTROL UD3-UD4 -LÍNGUA GALEGA 29 NOVIEMBRE

LÍNGUA GALEGA - LENGUA CASTELLANA 2º TRIMESTRE		
UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
5	30/11-22/12	CONTROL UD5-UD6 - LENGUA CASTELLANA 26 XANEIRO
6	09/12-25/01	CONTROL UD5-UD6 - LÍNGUA GALEGA 27 XANEIRO
7	30/01-14/02	CONTROL UD7-UD8 - LENGUA CASTELLANA 8 DE MARZO
8	15/02-07/03	CONTROL UD7-UD8 - LÍNGUA GALEGA 9 DE MARZO

LÍNGUA GALEGA - LENGUA CASTELLANA 3º TRIMESTRE		
UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
9	13/03-31/03	CONTROL UD9-UD10 LENGUA CASTELLANA 27 DE ABRIL
10	11/04-26/04	CONTROL UD9-UD10 LÍNGUA GALEGA 28 ABRIL
11	03/05-19/05	CONTROL UD11-UD12 LENGUA CASTELLANA 2 XUÑO
12	22/05-01/06	CONTROL UD11-UD12 LÍNGUA GALEGA 5 XUÑO

MATEMÁTICAS 1º TRIMESTRE- AVALIACIÓN 14-12-21		
--	--	--

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
1	12/09-27/09	
2	28/09-14/10	CONTROL UD- 1 E UD-2 - 17 DE OUTUBRE
3	18/10-31/10	
4	02/11-15/11	CONTROL UD-3 E UD-4 - 16 DE NOVIEMBRE
5	17/11-01/12	CONTROL UD-5- 02 DE DICIEMBRE

MATEMÁTICAS
2º TRIMESTRE-AVALIACIÓN 4-04-22

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
6	05/12-22/12	
7	09/01-20/01	CONTROL UD-6 E UD-7 - 23 DE XANEIRO
8	24/01-07/02	
9	08/02-24/02	CONTROL UD-8 E UD-9 - 27 DE FEBRERO
10	28/02-14/03	CONTROL UD-10 15 DE MARZO

MATEMÁTICAS
3º TRIMESTRE- AVALIACIÓN 14-06-22

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
11	16/03-31/03	
12	11/04-25/04	CONTROL UD-11 E UD-12- 26 DE ABRIL
13	27/04-12/05	
14	15/05-25/05	CONTROL UD-13 E UD-14 - 26 DE MAYO
15	29/05-08/06	CONTROL UD-15 9 DE JUNIO

**CIENCIAS SOCIAIS – CIENCIAS NATUREZA
1º TRIMESTRE**

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
1	12/09-05/10	CONTROL- UDI C.SOCIAIS -7 DE OUTUBRO
		CONTROL UDI - C. NATUREZA -5 DE OUTUBRO
2	10/10-3/11	CONTROL UD2- C.SOCIAIS 7 DE NOVIEMBRE
		CONTROL UD2- C. NATUREZA 4 DE NOVIEMBRE
3	08/11-29/11	CONTROL UD3- C.SOCIAIS 1 DE DICIEMBRE
		CONTROL UD3- C.SOCIAIS 30 DE NOVIEMBRE

**CIENCIAS SOCIAIS – CIENCIAS NATUREZA
2º TRIMESTRE**

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
4	12/12-13/01	CONTROL UD4 C.SOCIAIS -18 DE XANEIRO
		CONTROL UD4- C. NATUREZA -16 DE XANEIRO
5	18/01-10/02	CONTROL UDS- C.SOCIAIS 15 DE FEBRERO
		CONTROL UDS- C. NATUREZA 13 DE FEBRERO
6	15/02-09/03	CONTROL UD6- C.SOCIAIS 14 DE MARZO
		CONTROL UD6- C. NATUREZA 10 DE MARZO

**CIENCIAS SOCIAIS – CIENCIAS NATUREZA
3º TRIMESTRE**

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	DATAS PROBAS ESCRITAS
7	15/03-14/04	CONTROL UDS C.SOCIAIS -19 DE ABRIL
		CONTROL UDS- C. NATUREZA -17 DE ABRIL
8	19/04-12/05	CONTROL UD6- C.SOCIAIS 19 DE MAYO

		CONTROL UD6- C- NATUREZA 15 DE MAYO
9	18/05-05/06	CONTROL UD6- C-SOCIAIS 8 DE JUNIO
		CONTROL UD6- C- NATUREZA 6 DE JUNIO

18. AVALIACIÓN

18.1. Avaliación inicial

As probas de **Avaliación Inicial** desenvólvese cada curso escolar ao longo do primeiro mes de clase, este curso no período comprendido entre o **8 de setembro e o 12 de Setembro**.

Para a **avaliación inicial** empregaremos a **observación directa**, así como probas escritas (traballos de clase e exames) e/ou probas orais. Esta avaliación se completará coa análise dos informes persoais de etapa ou do curso anterior.

A nivel xeral, as **familias serán informadas** na reunión de principio de curso sobre o desenvolvemento da avaliación inicial e as súas características. As familias de aquel alumnado que presente dificultades serán citadas polo titor/a en orden preferente dependendo do grao de dificultade para o aprendizaxe, coa finalidade por un lado de informar sobre os resultados e por outro recabar información das familias e consecuentemente adoitar as medidas ordinarias ou extraordinarias necesarias.

Os resultados das probas serán o punto de referencia para a a elaboración das programacións de aula. Estableceránse as medidas individualizadas para todos aqueles alumnos/as que o precisen (Reforzo educativo, adaptacións metodolóxicas, adaptacións curriculares...) coa colaboración do equipo de orientación cando fose necesario (Apoios educativos, sesións de PT e AL...), estas últimas sempre a través do titor/a.

18.2. Avaliación ordinaria

Para fundamentar este apartado baseámonos na LOE-LOMCE e no **Decreto 105/2014, 28 de Febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia**.

Neste sentido, o proceso de avaliación terá en conta o establecido na **Orde do 9 de Xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado de Educación Primaria**, onde se cita que terá as seguintes características: será continua,

global, formativa e integradora tendo en conta o progreso do alumno no conxunto de tódalas áreas do currículo e na adquisición das competencias clave.

A avaliación do proceso de aprendizaxe tal e coma a entendemos, ten unha serie de características:

- A finalidade da avaliación é obter certa información sobre os alumnos co fin de adecuar o proceso de ensinanza as necesidades que observemos nos nosos alumnos.
- **É un proceso global:** temos en conta todo o recorrido realizado polos alumnos, o nivel de conceptos adquiridos, a actitude no proceso de aprendizaxe e as habilidades e destrezas empregadas.
- **Será continua:** precisamente porque se teñen en conta todo o proceso de aprendizaxe e non só a demostración final dos contidos adquiridos.

A avaliación focalizarase en dous ámbitos, posto que esta debe afectar ao proceso de aprendizaxe do alumnado e estenderse a propia práctica docente.

Co obxecto demostrar o coñecemento, capacidades e habilidades do alumnado, empregaremos un amplo conxunto de **procedementos de avaliación** como **ferramentas avaliativas**.

Exemplos destes procedementos son a observación directa das actividades e actitudes, conversacións, diálogos, preguntas de exploración, diarios, proxectos, debates, probas escritas ou orais, exames, cuestionarios, tests...

Dado que a avaliación é continua os procedementos de avaliación estarán presente ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe de principio a fin.

O que debemos avaliar é a consecución dos obxectivos e das competencias, para elo, tal e como se indica na normativa será necesario o desenrolo de criterios de avaliación que aparecen relacionados cos seus estándares de aprendizaxe na táboa para cada área.

Empregaremos os seguintes **instrumentos**:

- Listas de control, rexistros anecdóticos ou diarios de clase/portfolio.
- Monografías, resumos, caderno de clase, resolución de exercicios, textos escritos, textos orais, gravacións, producións artísticas e dramáticas, investigacións e xogos.
- Diálogos, entrevistas, asembleas, posta en común, chuvias de ideas...
- Probas obxectivas, cuestionarios, test, probas abertas, exposicións, resolucións de exercicios...

Como consecuencia, permitirá realizar unha heteroevaluación de forma que o mestre observe o seu progreso e unha autoevaluación de forma que o alumnado comprobe por si mesmos os seus avances. Segundo o momento da súa aplicación a avaliación comprende **tres momentos**:

1. **Avaliación inicial:** imprescindible para determinar os coñecementos previos do alumnado e para establecer obxectivos e secuenciar os contidos.
2. **Avaliación continua:** permite obter información constante para reconducir o proceso. A avaliación continua realizarase de forma xeral mediante a observación sistemática do alumnado e a través dos resultados das actividades propostas.
3. **Avaliación final:** permitirá comprobar se existe evolución e si os obxectivos e as competencias foron alcanzados.

Por outra banda, proporcionaremos diferentes actividades para aqueles estudantes que necesiten reforzar diferentes contidos e para aqueles que acaben antes as tarefas. Estas actividades serán abertas e flexibles e atendendo as súas necesidades do alumnado.

Todos estes criterios serán necesarios para a posterior reflexión sobre a práctica educativa que se levará a cabo tanto na memoria da aula, nas reunións e reunións dos equipos docentes e na propia práctica educativa.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados que se especificaron no punto das áreas do currículo.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

18.3. Criterios de cualificación

Establécese como criterio de **cualificación** nas áreas de coñecemento:

INSTRUMENTOS	PORCENTAXES	OBSERVACIÓNS
<ul style="list-style-type: none"> ● Probas orais e probas escritas. 	80%	<p>-As probas escritas levaranse a cabo ao finalizar cada un ou varios temas/unidades didácticas.</p> <p>–As probas valoran os contidos específicos das Unidades Didácticas tendo en conta a diversidade do alumnado.</p> <p>- As faltas ortográficas restan ata un máximo de un punto da proba. 0,1 en relación coas normas traballadas. No caso das tildes cada dúas restarán 0,1 punto.</p> <p>-Os resultados das probas orais, a través de preguntas sobre os contidos realizaranse tantas veces como sexa necesario ata asegurarnos que o alumno mellora nos seus aprendizaxes diarios.</p> <p>-Nas probas orais valórase a claridade expositiva, orden de ideas, boa construción de frases, fluidez, entoación e ausencia de" muletillas".</p>
<ul style="list-style-type: none"> ● Observación e rexistro de traballos diarios de clase. ● Actitude: Interés, esforzo, participación, iniciativa, creatividade. ● Cumprimento das normas de convivencia. 	20%	<p>-Revisión do traballo diario. Valorar orde, limpeza, e claridade (caligrafía).</p> <p>-Poderase baixar á nota ata 0,5 puntos por incidencias na limpeza e orde.</p> <p>-Cada incidencia negativa no traballo persoal significa a perda de 0,1 puntos, ata o máximo de 2.</p>

		-Cada incidencia negativa neste apartado significa a perda de 0,1 puntos ata o máximo de 1 punto.
--	--	---

A nota de cada trimestre será redondeada do seguinte xeito: Nota superior a 4,5 redondearase ao 5. A partir do 0,75 nas avaliacións positivas redondearase a alza.

Para aplicar esta porcentaxe, é necesario que o alumno acade un 4 nas probas escritas ou orais.

Con carácter xeral, a cualificación da avaliación ordinaria será a media aritmética, redondeada á alza, das cualificacións trimestrais do curso. En función das características individuais do alumnado, as cualificacións positivas poderán verse modificadas nun máximo dun rango de nota.

Particularidades:

- A avaliación positiva no último trimestre do curso implica unha nota final positiva aínda que non necesariamente do mesmo rango , logo da aplicación do criterio xeral.
- A avaliación negativa en dous trimestres, e sempre que un deles sexa o último, implica unha nota final negativa.

18.4. Mínimos

Mínimos esixibles para o logro das competencias clave do 4º curso de Primaria.

Matemáticas

- ✓ Le e escribe correctamente os números do 0 –9.999.999

- ✓ Utiliza correctamente o concepto de unidade de millón.
- ✓ Suma, resta e multiplica correctamente con decimais..
- ✓ Sabe dividir con dúas cifras.
- ✓ Resolve problemas de sumas, restas , multiplicacións con levadas e divisións.
- ✓ Controla e domina operacións progresivas e regresivas de números.
- ✓ Coñece e manexa as unidades básicas de lonxitude, capacidade, masa diñeiro e tempo.
- ✓ Recoñece os corpos xeométricos e os seus elementos.

Lingua castelá / lingua galega

- ✓ Le textos con articulación, ritmo e entoación axeitada.
- ✓ Comprende e interpreta a mensaxe dun texto escrito e oral.
- ✓ Escribe un texto con sentido e vocabulario axeitado, utilizando os signos e regras de puntuación e acentuación propias do nivel.
- ✓ Emprega as regras de ortografía dadas en ditados e textos de produción libre.
- ✓ Sabe expresar oralmente con claridade e orde, feitos da súa vida cotiá: sentimentos, emocións...
- ✓ Diferencia distintas clases de palabras: nome, adxectivo, verbo.

Ciencias da Natureza

- ✓ Coñece o funcionamento básico dos diferentes aparatos do corpo.
- ✓ Recoñece e valora hábitos saudables.
- ✓ Clasifica e identifica as características importantes dos animais vertebrados e invertebrados.
- ✓ Coñece as partes das plantas e as funcións.
- ✓ Diferencia entre máquinas simples e compostas.

Ciencias Sociais

- ✓ Explica e comprende o ciclo da auga.
- ✓ Identifica os elementos dos diferentes tipos da paisaxe de Galicia.
- ✓ Recoñece as características e os planetas do Sistema Solar.

- ✓ Recoñece a organización do territorio español.
- ✓ Coñece os elementos principais do tempo.
- ✓ Valora e respecta a importancia das normas de educación viaria.
- ✓ Identifica elementos propios da Prehistoria e Idade Antiga.

Plástica

- ✓ Recoñece e sabe usar as formas xeométricas nas representacións plásticas.
- ✓ Recorta , colorea e pega con precisión.
- ✓ Desenvolve a comprensión de textos e imaxes.
- ✓ Ten iniciativa propia coa utilización de diferentes técnicas.
- ✓ Desenvolve a capacidade de observación e creatividade.
- ✓ Participa activamente no desenvolvemento dos proxectos.

Valores

- ✓ Identifica e acepta as emocións que xurden no día a día.
- ✓ Emprega o diálogo para resolver conflitos.
- ✓ Respecta e aprecia as diferenzas entre as persoas.
- ✓ Participa activamente nas actividades do grupo.
- ✓ É capaz de aceptar a frustración e pedir axuda.
- ✓ É autónomo na realización das súas tarefas cotiás.

18.5. Criterios de promoción 4º curso

1. Por imperativo legal

O alumnado promocionará ao seguinte curso se xa foi adoptada a medida ordinaria de permanencia dun ano máis no curso.

2. Por resultados da avaliación final de ciclo

Con carácter xeral, o alumnado non promocionará nos seguintes casos:

- Se non acada avaliación positiva en dúas, ou máis, das seguintes áreas: matemáticas, lingua castelá, lingua galega.
- Se non acada avaliación positiva en tres áreas calquera que sexan do currículo.

18.6. Plan e actividades de reforzo/recuperación para o alumnado que repite ou ten algunha materia pendente.

Cando un alumno/a pasa o seguinte nivel con materias pendentes, eso quere dicir que non acadou os mínimos. Nestes casos o mestre titor fará un seguimento e valorará a necesidade de adaptar a metodoloxía introducindo fichas, apoios doutros profesores con dispoñibilidade horaria no Centro. Tamén se contemplará a súa asistencia á aula de PT e/ou AL.

Por outra banda, o alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

Tendo en conta que a avaliación do proceso de ensino aprendizaxe en primaria é continua, se o alumno/a consegue superar o 4º nivel, automaticamente quedan superadas as materias pendentes. Xoga un papel fundamental o apoio das familias en todo o proceso de ensino aprendizaxe. O alumnado que non promocioe de curso seguirá un plan específico perso-nalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Estes plans poderán incluír a incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas, así como un conxunto de actividades programadas para realizar un seguimento personalizado do mesmo e o horario previsto para iso. Por último, é necesario establecer compromisos Educativos coas familias deste alumnado.

Estes plans han de ser personalizados, é dicir adaptados a cada alumno ou alumna en concreto. Á súa vez estará limitado polos recursos que o centro poida ofrecer ao alumnado e ás súas familias.

Cada titor, terá na súa aula o plan de reforzo individualizado de cada un dos alumnos que o precise, coas actividades concretas a levar a cabo.

Os plans ten 3 vértices:

- Se o alumnado ten dificultades de aprendizaxe, proporcionáselle un Reforzo Educativo con actividades de consolidación das áreas instrumentais básicas.
- Ofrecer se é posible, actividades extraescolares que axuden ao falumnado no estudo (clases de apoio ao estudo ou plans de acompañamento).

- O seguimento do alumnado polo profesorado titor e a comunicación coa familia.

Reforzaranse as materias pendentes con material axeitado as necesidades do alumnado, a través de diferentes materiais, incluíndo material atopado na rede, manipulativo, fichas e outros recursos.

18.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

O presente **documento** tamén debe ser **avaliado**, é dicir, deberemos comprobar se os obxectivos propostos foron alcanzados e corrixiremos os desaxustes entre a planificación inicial e a realidade levada a cabo. En base a isto estableceremos os seguintes ítems de avaliación:

- Asegurar a coherencia entre as intencións educativas do centro e da práctica docente.
- Adecuar os obxectivos didácticos as necesidades educativas do alumnado.
- Comprobar se a metodoloxía e as estratexias empregadas nas actividades foron as adecuadas.
- Valorar a atención á diversidade de intereses, motivacións e características do alumnado.
- Establecer se os criterios e procedementos de avaliación foron os adecuados na función as capacidades a avaliar.
- Comprobar a organización do espazo, tempo e materiais empregados na realización das actividades.

Entre os aspectos do Proxecto Educativo que se someterán a avaliación figuran os seguintes:

- A adecuación dos obxectivos programados ás características dos alumnos.
- A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- A idoneidade da metodoloxía, dos materiais, recursos e actividades seleccionadas.
- A validez dos criterios de avaliación.
- A pertinencia das medidas de adaptación curricular adoptadas para os alumnos con necesidades educativas .

Levarase a cabo da seguinte forma:

- A análise de experiencias con outros compañeiros do Equipo Docente.

- A avaliación do proxecto educativo do Centro por parte dos Servizos de Inspección da Administración.

Para avaliar a adecuación da programación na consecución dos obxectivos educativos propostos, terase en conta:

- Os resultados das avaliacións e a porcentaxe do alumnado que supera os obxectivos e nivel de competencia contidos na materia.
- Nivel acadado en vocabulario , uso de recursos na rede, uso da biblioteca, etc

Para levar a cabo unha valoración obxectiva dos aspectos educativos da PXA é necesario sistematizar os procesos de reflexión e de corrección. É imprescindible recoller datos con rigor para facilitar a análise dos resultados do proceso e a toma de decisións que permitan mellorar o ensino. Esta táboa proporciona un modelo sinxelo que pode servir para cumprir este obxectivo e mostrarnos os indicadores de logro. A partir das decisións que se adopten, o equipo pedagóxico deberá revisar as programacións didácticas para reaxustar á realidade dos alumnos. Desde o punto de vista organizativo, é aconsellable facer tamén unha reflexión sobre os recursos que ofrece o centro, a coordinación entre os diferentes axentes e a maneira en que flúe a información entre os diferentes grupos. A seguinte táboa resume algúns destes puntos crave:

ELEMENTOS PARA A REFLEXIÓN	ASPECTOS POSITIVOS	PARA MELLORAR	CAUSAS POSIBLES	DECISIONS
Oganización e xestión de espazos, tempos e recursos.				
Coordinación entre diferentes órganos e persoas do centro.				
Fluxos de información co alumnado e as familias.				

Adecuación da PDA á xestión do proceso educativo.				
---	--	--	--	--

Todos estes criterios serán necesarios para a posterior reflexión sobre a práctica educativa que se levará a cabo tanto na memoria da aula, nas reunións e memorias dos equipos docentes e na propia práctica educativa.